

## CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

*Orde do 5 de novembro de 2004 pola que se regula o control da descarga e transporte dos produtos pesqueiros frescos e os da acuicultura ata a fase de primeira venda e o transporte de moluscos bivalvos vivos.*

O Regulamento (CEE) nº 2847/1993, do Consello, do 12 de outubro de 1993 e as súas posteriores modificacións, polo que se establece un réxime de control aplicable á política pesqueira común, introduce no seu título II, control de capturas, artigo 13, a obriga de que todos os produtos da pesca desembarcados ou importados na comunidade, e para os que no presentase unha nota de venda, nin unha declaración de recollida, e que se transporten a un lugar distinto do desembarque ou importación, deberán ir acompañados dun documento ata que se efectúe a primeira venda.

No artigo 9 do citado regulamento comunitario di que cando os produtos non se poñan á venda ou se destinen a unha venda posterior deberán presentar ás autoridades competentes unha declaración de recollida.

Este regulamento trasládase parcialmente á lexislación nacional mediante o Real decreto 1998/1995, do 7 de decembro, polo que se ditan as normas para o control da primeira venda dos produtos pesqueiros, co obxecto de establecer a normativa básica en materia de ordenación do sector pesqueiro que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1º.19 da Constitución.

O Decreto 419/1993, do 17 de decembro, establece no capítulo I do título II, da descarga e a venda, e no seu artigo 10, que se o propietario das especies descargadas decide vender estas nunha lonxa ou centro de venda distintos do porto de descarga, deberá obter previamente a *Guía de descarga*.

A Comunidade Autónoma de Galicia publicou a Orde do 19 de agosto de 1996 pola que se establecen as normas de control das capturas pesqueiras na fase da primeira venda.

O Real decreto 571/1999, do 9 de abril, establece no seu capítulo II, normas para a recolleita ou o transporte de lotes a un centro de expedición, o de depuración, unha zona de reinstalación ou un establecemento de transformación a obriga, de que cada lote de moluscos bivalvos vivos deberá ir acompañado dun documento de rexistro, durante o seu transporte, co fin de coñecer a orixe deles.

De acordo co anteriormente disposto, logo da consulta aos sectores pesqueiro e comercializador afectados, e en virtude das facultades que teño conferidas,

### DISPOÑO:

#### Capítulo I Disposicións xerais

Artigo 1º.-Obxecto e ámbito.

O obxecto da presente orde é regular, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, a descarga e transporte dos produtos pesqueiros frescos ata a pri-

meira venda en lonxa ou centro de venda autorizado, e o transporte de moluscos bivalvos vivos desde a zona de produción ata un centro de expedición, ou de depuración, unha zona de reinstalación, ou un establecemento de transformación.

Así mesmo, incluíranse no regulado nesta disposición aqueles produtos da acuicultura que teñan como destino a primeira venda en lonxa ou centro de venda autorizado.

Artigo 2º.-Autorizacións.

As lonxas pesqueiras ou outros establecementos que pretendan realizar a primeira venda dos produtos pesqueiros marítimos frescos, de acordo co establecido no artigo 1º, deberán ser autorizados pola consellería competente en materia pesqueira, e deberán figurar no Rexistro Galego de Empresas Haliolimentarias regulado polo decreto da Xunta de Galicia 420/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de Rexistro de Buques e de Empresas Haliolimentarias.

#### Capítulo II Descarga e transporte dos produtos pesqueiros frescos

Artigo 3º.-Documento de transporte.

No caso dos produtos pesqueiros frescos, que non pasasen a primeira venda, e sexan desembarcados en porto, ou descargados, procederase á poxa na lonxa ou centro de venda do porto de descarga, se é o caso. Non obstante, se o propietario das especies descargadas decide vender estas noutra lonxa ou centro de venda, distintos do lugar da descarga, poderá facer o transporte das ditas especies por vía terrestre ata a lonxa ou centro de destino onde se vai realizar a súa primeira venda.

Todos os produtos pesqueiros frescos deberán ir acompañados do seguinte documento durante o seu transporte por vía terrestre, ata a primeira venda:

Documento de transporte: sempre que as especies non se poñan á venda na lonxa do mesmo porto onde se realiza a descarga, a entidade concesionaria da lonxa ou centro de descarga, emitirá un documento de transporte, co formato que aparece no anexo I, que acompañará o produto en todo momento ata a primeira venda e que, deberá conter os seguintes datos:

- \* Data da descarga.
- \* O nome do armador ou do capitán do buque.
- \* Lonxa, porto ou centro de descarga, e entidade responsable del.
- \* Identificación da embarcación: nome e marcas externas, así como número de rexistro comunitario, folio, armador, nº de permex, ou, se é o caso, para barcos que non teñan porto base na Comunidade Autónoma, licenza de pesca.
- \* Identificación do mariscador: nome, DNI, nº de permex.

\* Identificación das especies descargadas e transportadas cantidade, nome (comercial e científico), orixe, e cando proceda, o tamaño mínimo correspondente

\* Zona de pesca.

\* Lonxa, centro de venda, ou centro almacenamento de destino.

\* Identificación do transportista: nome ou razón social, NIF, vehículo.

\* Para produtos desembarcados de buques de países terceiros: o nome, as marcas de identificación externas, indicativo internacional de radio e pavillón do buque.

\* No caso das importacións no realizadas por barco, indicárase o lugar no que se realizou a importación do envío, e o nome do consignatario

O transportista é o responsable de entregar unha copia do documento de transporte, á persoa responsable da entidade concesionaria da lonxa ou centro de venda de destino, a que comprobará a súa veracidade.

No caso de dispoñer de equipamentos informáticos que permitan o rexistro do contido do documento de transporte, rexistrárase automaticamente o seu contido, estando obrigado a gardar unha copia durante un período de tres anos.

Este documento pode ser substituída por algún dos seguintes documentos:

\* Copia da declaración de desembarque á que se refire o artigo 8 do Regulamento CEE 2847/1993 en que conste as cantidades transportadas, e, en calquera caso a orixe do envío e o destino dos produtos.

\* Copia do documento T2M en que conste a orixe das cantidades transportadas.

No se exixirá este documento cando o transporte se realice dentro do recinto portuario.

Artigo 4º.-Declaración de recollida.

Cando os produtos pesqueiros frescos desembarcados ou descargados, non se poñan á venda na poxa inmediatamente posterior á descarga, ou sexan retirados dela, o seu propietario ou o seu representante, cubrirá o documento Declaración de recollida, sendo responsable da súa presentación ante a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

A declaración de recollida terá o formato do anexo II, e deberá conter os seguintes datos:

\* Denominación comercial e científica de cada especie, a súa zona xeográfica de orixe ou de cría.

\* Peso desagregado segundo a forma de presentación e para cada especie.

\* Nome, marcas de identificación externa e pavillón do buque, para produtos desembarcados de buques comunitarios, así como o número interno do rexistro comunitario de buques, se é o caso.

\* Para os produtos desembarcados de buques de países terceiros: o nome, as marcas de identificación externas, indicativo internacional de radio, e pavillón do buque.

\* Nome do armador ou do capitán do buque.

\* Porto e a data de desembarque ou o lugar e a data da descarga.

\* Lugar ou lugares onde os produtos están almacenados.

\* Se é o caso, referencia o documento de transporte ou o documento T2M correspondente.

Cando a comercialización dos produtos pesqueiros frescos fose obxecto dun prezo contractual ou dun prezo a tanto alzado fixado para un período de tempo determinado, o propietario dos produtos ou o seu representante deberán cubrir, así mesmo, o documento de recollida e remitir ao órgano competente, sen prexuízo da presentación da nota de venda, cando corresponda.

Artigo 5º.-Prazos de entrega da documentación referida neste capítulo.

Remítanse tanto a declaración de recollida, como o documento de transporte nun prazo máximo de 48 horas a partir do momento do desembarque ou descarga á Subdirección Xeral de Mercados de Pesca da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, pola a entidade que realizara as vendas.

No caso de dispoñer de equipos informáticos que permitan o rexistro do contido do documento de transporte e o documento de recollida, poderá realizar a presentación telemática deste documentos.

### Capítulo III

#### Transporte dos moluscos bivalvos vivos

Artigo 6º.-Documento de rexistro para moluscos bivalvos vivos.

Cada lote de moluscos bivalvos vivos deberá ir acompañado durante o seu transporte, desde a zona de produción ata un centro de expedición, un centro de depuración, unha zona de reinstalación, o un establecemento de transformación, dun documento de rexistro orixinal, que terá o formato do anexo III, e que conterá os seguintes datos:

\* Identidade e dirección do recolledor.

\* Data de recolección.

\* Localización da zona de produción, o máis detallado posible o número de código.

\* Cualificación sanitaria da zona : A, B ou C.

\* Relación das especies de moluscos e a súa cantidade.

\* Numero de autorización e lugar de destino para su expedición, reinstalación, depuración o transformación.

Este documento terá una validez de cinco días desde a súa data de expedición.

Artigo 7º.-Da emisión do documento de rexistro

1. As delegacións territoriais e comarcais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, entregarán os talonarios dos documentos de rexistro para moluscos bivalvos, levando un rexistro deles e as entidades ás que se entregaron.

2. Os documentos serán expedidos, por petición do recolleitador, polas organizacións de produtores, confrarías de pescadores, entidades asociativas do sector produtivo legalmente constituídas, entidades concesionaria dos centros de venda, e, se é o caso, polos titulares de establecementos de cultivos mariños.

3. No caso de peche temporal dunha zona de produción e de reinstalación, as entidades encargadas de emisión do documento de rexistro deixarán de expedir documentos para esa zona e deixarán inmediatamente sen validez os documentos de rexistro xa expedidos na data do peche.

Artigo 8º.-Das obrigas das entidades de destino.

1. Os centros de depuración aceptarán só os lotes de moluscos bivalvos vivos que vaian acompañados do documento de rexistro.

2. No momento da entrega dun lote de moluscos bivalvos vivos na entidade de destino deberá estamparse a data de entrega no documento de rexistro correspondente.

3. Os responsables dos centros, zonas, ou establecementos de destino deberán conservar durante, polo menos doce meses, unha copia de cada documento de rexistro, así como os produtores.

4. Os centros de depuración que envíen moluscos bivalvos vivos a centros de expedición deberán presentar o documento de rexistro, en que, ademais, se indique a duración da depuración, a dirección do centro de depuración, así como calquera información necesaria para identificar o produto e coñecer a súa procedencia.

5. No prazo de 48 horas desde a recepción do lote, a entidade de destino remitirá copia do documento de rexistro coa data de entrega estampada, ás delegacións territoriais e comarcais da Consellería de Pesca e Asuntos marítimos.

#### *Disposicións adicionais*

Primeira.-As infraccións ao disposto na presente orde serán obxecto de sanción, de acordo coa Lei 8/2004, do 30 de xullo, de protección, control, infraccións, e sancións en materia marítimo-pesqueiras de Galicia.

Segunda.-Se os produtos pesqueiros frescos foron vendidos, e se transportan a outro lugar, o transportista deberá poder probar, en todo momento a transacción efectuada, mediante a nota de venda, ou calquera outro documento, incluída a factura, albará ou fotocopia compulsada dalgún destes dous documentos que deberán indicar, como mínimo, lonxa de orixe, data da transacción, identificación das especies transportadas, cantidade delas e lugar de destino.

Terceira.-No caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega, salvo que este decida vender nunha lonxa distinta á do seu ámbito. Neste caso necesitará un documento de transporte para o seu desprazamento, de acordo co establecido no artigo 3º.

Cuarta.-O documento de transporte regulado no artigo 3º da presente orde terá a mesma validez e producirá os mesmos efectos que a *Guía de descarga* regulada no Decreto 419/1993, do 17 de decembro.

Quinta.-Naquelas lonxas ou centros de venda, en que os moluscos sexan expostos á venda mesturados sen diferenciar o produtor, poderá substituír no documento de rexistro o nome do recolleitador polo do representante, logo de solicitude por escrito e autorización por parte da consellería competente en materia pesqueira.

Sexta.-Os talonarios cos documentos definidos nos anexos I, II e III: documento de transporte, declaración de recollida e documento de rexistro para moluscos bivalvos vivos, serán entregados nas delegacións territoriais ou comarcais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

#### *Disposicións transitorias*

Primeira.-Malia o disposto no artigo 2º, parágrafo primeiro, as lonxas pesqueiras ou outros establecementos que realizan a primeira venda dos produtos pesqueiros frescos terán un prazo de trinta (30) días hábiles, desde a entrada en vigor desta orde para inscribirse, se é o caso, no Rexistro Galego de Industrias Halioalimentarias regulado polo decreto da Xunta de Galicia 420/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de Rexistro de Buques e de Empresas Halioalimentarias.

Segunda.-Aquelas confrarías, que no seu ámbito territorial, teñan portos sen lonxa, e se efectúen descargas de produtos pesqueiros frescos, referidos nesta orde, terán un prazo de cen (100) días naturais, desde a entrada en vigor dela para solicitar a autorización dun centro de descarga.

En tanto non teñan autorizado o dito centro, poderán seguir usando o modelo de folla de transporte á que se refire a Orde do 19 de agosto de 1996, no seu anexo II, para o transporte dos produtos pesqueiros frescos ata a lonxa ou centro de venda de destino.

#### *Disposicións derogatorias*

Primeira.-Queda derogada a Orde do 19 de agosto de 1996 pola que se establecen as normas de control das capturas na fase de primeira venda.

Segunda.-Derrógase a Orde do 3 de xullo de 1998 pola que se regula o documento de rexistro para o transporte e comercialización de moluscos bivalvos vivos.

#### *Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase o director xeral de Estruturas e Mercados da Pesca para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento da presente orde.

Segunda.-A presente orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de novembro de 2004.

Enrique César López Veiga  
Conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos



ANEXO I

DOCUMENTO DE TRANSPORTE  
DOCUMENTO DE TRANSPORTE

NºSERIE:  
NºSERIE:

Porto de descarga/Puerto de descarga: Data da descarga/Fecha de la descarga: Lonxa de descarga-centro de venda/Lonja de descarga-centro de venta: Entidade responsable/Entidad responsable: Enderezo/Dirección: Lugar de procedencia/lugar de procedencia*				CIF/CIF: Teléfono/Teléfono: consignatario/consignatario*			
IDENTIFICACIÓN DO BARCO/IDENTIFICACIÓN DEL BARCO: Nome/Nombre: N° permex-n°licenza/N° permex-licencia: Marcas externas/Marcas externas: Armador ou capitán/Armador o capitán:				Folio/Folio: N° R° comunitario do buque/N°R°comunitario del buque: Indicativo Internacional*/ Indicativo Internacional*: Pavillón/Pabellón:			
IDENTIFICACIÓN DO MARISCADOR/IDENTIFICACIÓN DEL MARISCADOR: Nome/Nombre: NIF/NIF: Lonxa ou centro de venda destino da carga/Lonja o centro de venda destino de la carga:							
IDENTIFICACIÓN DO TRANSPORTISTA/IDENTIFICACIÓN DEL TRANSPORTISTA: Nome ou razón social//Nombre o razón social: NIF Vehículo/Vehículo: MATRICULA							
IDENTIFICACIÓN DAS CAPTURAS/IDENTIFICACIÓN DE LAS CAPTURAS Zona de pesca ou cría/ Zona de pesca o cría:							
Especie (nome comercial)/ Especie (nombre comercial)		Especie (nome científico)/ Especie (nombre científico)		Kg/Kg tamaño mínimo (se procede) /Kg/Kg talla mínima (si procede)		Lugar da descarga Lugar de la descarga	

\*só para buques de países terceiros/\*sólo para buques de terceros países

En .....a ..... de.....de 200..

Sinatura e selo da entidade responsable/Firma y sello de la entidad responsable

Esta guía só será válida ata a lonxa ou centro de venda onde vaia destinada a mercadería/Esta guía sólo será válida hasta la lonja o centro de venta a donde vaya destinada la mercancía.

Conforme: O/A TRANSPORTISTA/EL/LA TRANSPORTISTA(SINATURA E DNI/FIRMA Y DNI)



ANEXO II

DECLARACIÓN DE RECOLLIDA  
DECLARACIÓN DE RECOGIDA

NºSERIE:  
NºSERIE:

Desembarque-descarga/Desembarque-descarga: Lugar/Lugar: Identificación do propietario/Identificación del propietario: Nome/Nombre : Lugar/es de almacenamento/Lugar/es de almacenamiento: Referencia da folha de transporte-documento T2M/Referencia de la hoja de transporte-documento T2M:					Data/Fecha: Enderezo/Dirección: NIF-CIF/ NIF-CIF:				
Buque/Buque: Nome/Nombre: del buque: Indicativo internacional*/indicativo Internacional*: Armador ou capitán/Armador o capitán:					Folio/Folio: N° R°comunitario do buque/N°R°comunitario Marcas externas/Marcas externas: Pavillón/Pabellón:				
Especie (nome comercial)/ Especie (nombre comercial)		Especie (nome científico)/ Especie (nombre científico)		Zona de captura ou cría/ Zona de captura o cría		Forma de presentación/ Forma de presentación		Peso Kg/ Peso en Kg	

\* só para buques de países terceiros / sólo para buques de terceros países

En .....de.....de 200.....

Sinatura do/a propietario/a / Firma del/de la propietario/a



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE PESCA  
E ASUNTOS MARÍTIMOS

### ANEXO III

**DOCUMENTO DE REXISTRO PARA MOLUSCOS BIVALVOS VIVOS**  
**DOCUMENTO DE REGISTRO PARA MOLUSCOS BIVALVOS VIVOS**

**Nº SERIE:**  
**Nº SERIE:**

NOME RECOLLEITADOR/NOMBRE RECOLECTOR (NIF)		DATA/FECHA
REPRESENTANTE/REPRESENTANTE (NIF)		ENTIDADE/ENTIDAD
ZONA DE PRODUCCIÓN/ZONA DE PRODUCCIÓN*		
CUALIFICACIÓN SANITARIA/CALIFICACIÓN SANITARIA A <input type="checkbox"/> B <input type="checkbox"/> C <input type="checkbox"/>		
DURACIÓN DA DEPURACIÓN** (días)/ DURACIÓN DE LA DEPURACIÓN** (días)		
ENDEREZO CENTRO DEPURACIÓN** DIRECCIÓN CENTRO DEPURACIÓN**		
DESTINO REINSTALACIÓN <input type="checkbox"/> DEPURACIÓN <input type="checkbox"/> TRANSFORMACIÓN <input type="checkbox"/> EXPEDICIÓN <input type="checkbox"/>		
ESTABLECEMENTO DE DESTINO/ESTABLECIMIENTO DE DESTINO		
ENDEREZO/DIRECCIÓN		
Nº DE AUTORIZACIÓN/Nº DE AUTORIZACIÓN		
COMPRADOR/COMPRADOR		NIF/NIF
Especie (nome comercial)/ Especie (nombre comercial)	Especie (nome científico)/ Especie (nombre científico)	Kgr/Kgr
SINATURA RECOLLEITADOR OU REPRESENTANTE FIRMA RECOLECTOR O REPRESENTANTE		SINATURA E SELO ENTIDADE DE DESTINO FIRMA Y SELLO ENTIDAD DESTINO
En ....., de ..... de .....		En ....., de ..... de .....

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

**CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA,  
RELACIÓNS INSTITUCIONAIS  
E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

*Orde do 3 de novembro de 2004 pola que se clasifica como de interese cultural a Fundación Manuel Puente González.*

Visto o expediente de clasificación da *Fundación Manuel Puente González*, con domicilio en Santiago de Compostela.

Supostos de feito.

1. A fundación formulou solicitude de clasificación para os efectos da súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego.

2. A fundación foi constituída en escritura pública outorgada en Santiago de Compostela o 15 de marzo de 2004, ante o notario Álvaro Moure Goyanes, co número oitocentos nove do seu protocolo por Rosa Alberta Luisa Puente Foglia, que intervéñen no seu propio nome.

3. O obxecto da fundación é, segundo establece o artigo seis dos seus estatutos, a conservación e difusión do arquivo persoal e o legado cultural de Manuel Puente González, catalogación de fondos documentais e editoriais das institucións galegas afincadas en Arxentina que así o soliciten, promoción da lingua, literatura e cultura galegas na cidade de Bos Aires e en toda a República Arxentina, podendo establecer cantas relacións de colaboración sexan